

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ACORDO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE ORDES, PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN MATERIA DE URBANISMO

1.- Competencia

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ao abeiro do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73 do 14 de abril) e en virtude no apartado k) do artigo 13.1 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería (DOG núm. 101 do 27 de maio), modificado polo Decreto 48/2025, do 16 de xuño (DOG núm. 122, do 27 de xuño) ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o Concello de Ordes, enmárcase na continuada colaboración entre a consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (Plan *hURBE* 2019-2026). Para elo, na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura consignación orzamentaria adecuada e suficiente para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas: "Posta en valor do plan *hURBE* en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma".

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Ordes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción das obras ao concello e a formalización da acta de entrega.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS
Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
Tfno: 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ordes, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na *Humanización do Campo da feira no lugar de O Mesón do Vento*.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Ordes trata de promover unha actuación consistente na *Humanización do Campo da feira no lugar de O Mesón do Vento*.

O PLAN hURBE 2019-2026 continúa na senda iniciada polo PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017 tratando de articular unha estratexia de posta en valor das vilas, tanto as grandes como as pequenas, e dos núcleos rurais, que permita crear as condicións propicias para o seu desenvolvemento sostible, sen prexuízo de actuacións puntuais nas cidades, que se encadren nos obxectivos fixados neste Plan.

A tal fin e preciso, acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas, servizos e equipamentos e, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida dos seus habitantes.

Este Plan persegue os seguintes obxectivos:

1. Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
2. Mellorar os equipamentos e dotacións, aumentando a variedade e elevando os niveis de servizos có fin de proporcionar unha oferta de calidade e axeitada ás necesidades da poboación có fin de incrementar o atractivo das vilas e dos núcleos rurais da nosa comunidade autónoma.
3. Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico das vilas.
4. Incorporar as tecnoloxías de información tanto nas instalacións como na previsión de usos e actividades dos equipamentos municipais.
5. Prestar especial atención a aquelas accións sensibles á especificidade de xénero que garantan un acceso máis equitativo de mulleres e homes aos bens e servizos

Para a consecución destes obxectivos desenvolveranse accións nas mesmas áreas de actuación que as contempladas no PLANS hURBE 2010-2013 e 2014-2017:



Programa de equipamentos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Incrementar a oferta de infraestruturas e equipamentos ópti para o desenvolvemento de actividades e eventos de carácter cultural que permitan garantir o acceso á cultura á totalidade da poboación.
- Contribuír á dinamización cultural, económica e de cohesión social, priorizando as actuacións en comarcas carentes destas infraestruturas.

Programa de humanización de rúas, cos seguintes obxectivos específicos:

- Recuperación de espazo público peonil para facilitar os desprazamentos e potenciar a súa función como espazo de encontro dos veciños.
- Mantemento e conservación das rúas en óptimas condicións de seguridade, para os vehículos e transeúntes.

Programa de urbanización e mellora de espazos públicos, cos seguintes obxectivos específicos:

- Rexeneración medioambiental de espazos degradados para o seu uso pola colectividade.
- Incrementar a oferta dos espazos de convivencia, con especial atención a aqueles que revistan un especial interese histórico, artístico ou arquitectónico.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, A directora xeral de Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz (documento asinado dixitalmente)

